



CIRCULAR FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS para adquirir LIBROS DE TEXTO e MATERIAL ESCOLAR Curso 2022-2023

Estimadas familias:

Na Orde do 29 de abril de 2022, publicada no DOG do 18 de maio 2022, regúlase a participación nas seguintes **CONVOCATORIAS**:

a) FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO:

- **Para o alumnado que cursará 3º e 4º de Primaria:**
 - Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 6 libros.
 - Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 4 libros.
- 5º e 6º de Primaria está excluído por participar no proxecto E-DIXGAL: libro dixital.

b) AXUDAS PARA ADQUIRIR LIBROS DE TEXTO:

- **Para o alumnado que cursará 1º e 2º de E. Primaria:**
 - Renda per cápita igual ou inferior a 6.000 €: 210€.
 - Renda per cápita superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: 140€.
- Para o alumnado cunha discapacidade igual ou superior ao 65 % (275€ con independencia da renda)
- Para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en 3º, 4º, 5º e 6º de EP (140 ou 210€ según renda) cando non poida usar os libros de texto ou o material dixital do curso en que estea matriculado.

c) AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR:

- **Para todo o alumnado de Primaria:**
 - Só poderán solicitar esta axuda as familias con renda per cápita igual ou inferior a 6.000 euros, que recibirán un vale de 50 euros.

PRAZO: Ata o 22 de xuño de 2022.



PROCEDIMENTO DE PRESENTACIÓN:

- **Preferiblemente, na sede electrónica da Xunta de Galicia:**

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=ED330B>

(precisa Chave 365 ou certificado dixital/**non** precisa ir ao centro)

- De non ser posible, **solicitar CITA PREVIA no teléfono 988 783092 (de 9 a 14h) para presentar:**

1. A solicitude cuberta e asinada (que podesdes recoller na entrada do centro do centro, xenerala na aplicación fondolibros ou descargala na páxina web do centro).
2. Toda a documentación requerida na convocatoria.

ASPECTOS A LEMBRAR:

- Poñer como solicitante a persoa (pai ou nai) que recollerá o vale ou os libros.
- Obriga dos beneficiarios de conservar en bo estado os libros de texto recibidos e devolvelos ao rematar o curso.
- Obriga de destinar o importe do vale á compra dos libros de texto que indique o centro e destinar o vale para material a adquirir o material escolar que precise.
- A documentación obrigatoria debe reflectir a situación persoal, familiar e económica a 31 de decembro de 2020, agás no caso de violencia de xénero.

NA PÁXINA WEB do colexio poderán consultar:

1. [A Orde](#) completa publicada no DOG do 18 de maio
2. [O acceso á sede dixital](#) para presentar telemáticamente.
3. [O acceso á aplicación fondolibros](#) para xenerar a solicitude.
4. [O impreso de solicitude](#) para imprimir e cubrir manualmente.
5. [O cálculo da renda per cápita \(con respecto á Renda 2020\)](#)
6. [A documentación obrigatoria](#) a presentar.

OUTROS PRAZOS: Avisaremos en posteriores comunicados dos prazos para entrega e recollida dos libros e vales correspondentes.

PARA CALQUERA ACLARACIÓN OU CONSULTA:

Chamade ao teléfono do centro 988 783092, en horario de 9:30 a 13:30h.

En Ourense, a 20 de maio de 2022.

A dirección